



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### IRIXOA

*Adaptación á nova redacción da Lei 3/2007 e ao PXOM-Irixoa*

#### APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA DE PLANTACIÓN E TALLA DE ARBOLEDO

De acordo co establecido no art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, procédese á publicación íntegra do texto da modificación da ordenanza municipal de plantación e talla de arboledo (BOP 24-12-1998); a aprobación da modificación produciuse por acordo plenario do 31-10-2012 e non tivo alegacións no período de exposición pública. A presente modificación entrará en vigor o día 1 do mes seguinte á publicación íntegra da ordenanza no BOP

#### ANEXO

#### “ORDENANZA REGULADORA DE PLANTACIÓN E TALLA DE ARBOLEDO

##### Artigo 1. Obxecto e xustificación da ordenanza.

Complementando o establecido no art. 591 do Código Civil, na lei galega 3/2007 e no Decreto 2.661/1967, do 19 de outubro, e de acordo cos arts. 4.1.a) e 25.2.d) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, este concello adopta unha ordenanza xeral, sen carácter fiscal, reguladora de diversos aspectos da xestión forestal que afectan aos seguintes bens protexibles :

- Medio ambiente: ecoloxía, protección contra incendios, etc.
- Convivencia veciñal: produción agraria, abastecemento de auga, etc.
- Bens municipais (vías públicas e outros).
- Protección de vivendas: conta incendios forestais e derribas de árbores.

##### Artigo 2. Distancias e plantacións.

1. No municipio de Irixoa establécense as seguintes distancias mínimas de plantación de árbores, segundo a especie a plantar, lugar e veciñanza afectada:

Distancias	Eucaliptos	Pinos	Fronosas *	Frutais
Vivendas, negocios e instalacións especiais	30 m	30 m	15 m	10 m
A praderías e terreos agrícolas	10 m	10 m	4 m	3 m
A parcelas forestais	2 m	2 m	2 m	2 m
Ao linde de camiños	4 m	4 m	2 m	2 m
Ao linde de pistas municipais	4 m	4 m	3 m	2 m
A mananciais	25 m	10 m	10 m	5 m
A conducións de auga	2 m	2 m	2 m	2 m

(\* ) e resto das especies do anexo I da Lei 3/2007 (reforma no DOG do 23-7-2012).

No relativo a pistas e camiños, a plantación deberá respectar sempre un mínimo de 2 m ao bordo dos mesmos e do límite da propia leira.

2. Nas zonas de solo urbano, urbanizable delimitado e núcleo rural prohíbese a plantación de especies forestais. Para estes efectos as cerdeiras, castiñeiros e nogueiras terán sempre a condición de especies forestais.

3. Ademais nunha franxa adicional exterior a estas delimitacións urbanísticas prohíbese a plantación de especies forestais, segundo o seguinte cadro:

Distancias mínimas	A outra categoría de solo que non sexa rust. p. forestal	Ao límite de núcleos e solo urbano
Eucaliptos	12 m	100 m
Chopos, pinos e resto de coníferas e resinosas	8 m	100 m
Fronzosas (carballos, castiñeiros, etc) e frutais	6 m	25 m
Arbustos e árbores de pequeno porte	1 m	6 m

Nos terreos clasificados no PXOM-Irixoa como rústicos de protección agropecuaria prohíbese a transformación das parcelas que posúan uso agrario, en especial a forestación das mesmas.

4. Nos terreos con prohibición de plantación respectaranse as existentes, pero unha vez talladas prohibirase a reboación, ata cos propios retoños; o aproveitamento do terreo dedicarse a explotación agrícola ou gandeira.

5. Co fin de garantir o efectivo cumprimento da ordenanza, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da plantación de superficies forestais superiores a 500 m<sup>2</sup>; na devandita comunicación identificarase ao propietario, a leira de plantación, así como a especie e densidade.

### Artigo 3. Curta de plantacións.

1. Para garantir a preservación do medio ambiente e a conservación dos camiños e pistas rurais, e sen prexuízo da necesaria obtención doutros permisos ou autorizacións establecidos, establécese a obrigatoriedade da comunicación previa da talla de plantacións forestais, cando superen as 20 toneladas.

2. A comunicación da curta será efectuada polo maderista, debendo constar na mesma o seguinte:

- Identificación de propietario e maderista.
- Especie de madeira obxecto da talla, así como Tm a extraer.
- Nome do monte afectado e identificación en plano de normativa urbanística.
- Lugar de depósito e vías a utilizar para o transporte da madeira.

3. O maderista encargado da talla será responsable directo dos danos ocasionados nas vías públicas municipais como consecuencia do depósito e transporte da madeira, quedando obrigado á reparación dos mesmos, ata con limpeza e retirada de residuos.

4. As vías públicas non poderán usarse para almacén de madeira, aínda que se autorizan as operacións imprescindibles para a súa carga; no entanto, as cunetas sempre quedarán limpas e en bo estado de utilización.

5. O maderista establecerá unha fianza a favor do Concello, ao obxecto de responder de posibles danos non reparados voluntariamente, na contía fixada polo servizo técnico municipal.

### Artigo 4. Infraccións.

Con carácter xeral calquera incumprimento das obrigacións formais ou do contido da presente ordenanza reputarase como infracción leve.

Reputarase infracción grave a reiteración na comisión de infraccións leves (máis de 2 en 2 anos), así como cando a valoración económica do volume da madeira afectada pola irregularidade supere 6.000 euros.

### Artigo 5. Sancións.

As infraccións á presente ordenanza serán sancionadas, por medio de acordo da Xunta de Goberno e previa tramitación do correspondente expediente, do seguinte xeito:

- comisión de infracción leve: 50 euros de multa; adicionalmente establécense as seguintes contías segundo a natureza da infracción:

- 2 euros por cada árbore incorrectamente plantada, con obriga da súa retirada.
- 10 euros por tonelada de madeira tallada e transportada sen comunicación previa.
- comisión de falta grave: 200 euros.

A imposición e cobro de sancións en ningún caso xustificará que o causante de danos a bens municipais deixe de estar obrigado á súa reparación ou indemnización.

**Artigo 6. Requirimentos.**

Advertido o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela ao expediente sancionador, requirirase ao responsable da infracción para que se axuste á normativa, outorgándolle o prazo máximo de 1 mes. Transcorrido devandito prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, sen necesidade de novas notificacións procederase á execución subsidiaria do mesmo, cargándose os custos da mesma á persoa responsable.”

O que se publica para coñecemento xeral. Contra a citada aprobación, que é definitiva en vía administrativa, pode interperse o recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña no prazo de 2 meses, según o disposto no art. 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Irixoa, 26 de decembro de 2012

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín

2012/16247